

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BERGONDO

Secretaría

Delegación de competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno Local

Delegacións da Alcaldía na Xunta de Goberno Local

Con data 2 de xullo de 2015, por esta Alcaldía ditouse a resolución núm. 693/2015, que deseguido se transcribe íntegramente:

“Alejandra Pérez Máquez, alcaldesa-presidenta do Concello de Bergondo (A Coruña)

Delegacións da Alcaldía na Xunta de Goberno Local

Constituída a nova Corporación municipal o pasado día 13 de xuño de 2015, como consecuencia das eleccións locais celebradas o día 24 de maio; mediante resolución da Alcaldía n.º 686/2015, do 2 de xullo, nomeáronse os membros da Xunta de Goberno Local e convocóuselles a sesión constitutiva.

Visto o disposto nos artigos 21.3 e 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; artigo 65 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia; artigos 43.1.e 2; 44; 52; 53; 114 a 118 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Visto que o artigo 23.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, establece que correspóndelle a Xunta de Goberno Local a asistencia ao alcalde no exercicio das súas atribucións e as atribucións que o alcalde ou outro órgano municipal lle delegue ou lle atribúan as leis.

No uso das atribucións legalmente conferidas, consonte cos artigos 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e 43.1, 44 e 114 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pola presente, RESOLVO:

PRIMEIRO.–Delegar na Xunta de Goberno Local, de forma expresa mediante a presente resolución, as seguintes atribucións:

1. O outorgamento de toda clase de licenzas competencia da alcaldía, agás as de ocupación de dominio público e as de festas populares.

2. As contratacións de obras, subministro, de servizos, de xestión de servizos públicos, os contratos administrativos especiais, e os contratos privados cando o seu importe non supere o 10% dos recursos ordinarios do presuposto nin, en calquera caso, a contía dos seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicado, referido ós recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

Exclúese da citada delegación a incoación do correspondente expediente de contratación, a clasificación das proposicións presentadas e a potestade de efectuar os requirimentos de documentación xustificativa ao licitador que presente a oferta máis vantaxosa ao que fai referencia 151 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Igualmente exclúese a tramitación e resolución de adxudicación dos contratos menores.

3. A aprobación de facturas e certificacións correspondentes aos contratos de obras.

4. A adxudicación de concesións sobre os bens das Entidades Locais e a adquisición de bens inmoables e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu valor non supere o 10% dos recursos ordinarios do Orzamento nin o importe de tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicado.

5. A competencia da Alcaldía en materia de subvencións outorgadas en concorrencia competitiva, concretamente a aprobación das Bases reguladoras correspondentes, e o acordo da súa concesión.

SEGUNDO.–A presente resolución será efectiva dende o día seguinte ao da súa data e será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, en cumprimento do que dispón o artigo 44 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, debendo dar conta ao Pleno na primeira sesión que éste celebre con posterioridade á mesma e será notificada á Xunta de Goberno Local, para os efectos previstos no 114 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro”.

Bergondo, 6 de xullo de 2015.

A alcaldesa

Alejandra Pérez Máquez

2015/7466